



Contratación laboral temporal de dous técnicos de turismo. Concello de Porto do Son

Data: 07/07/2017.

Instrucións: marque a opción que estime correcta en cada cuestión, incluídas as 3 preguntas de cuestións de reserva. Cada pregunta unicamente ten unha resposta válida e as preguntas erradas non minorarán a puntuación. As preguntas contestadas correctamente puntúan 0,50 puntos cada unha delas.

- 1) A Lei de turismo de Galicia aplícase a:
 - a) Aos prestadores de servizos turísticos.
 - b) Aos consorcios turísticos.
 - c) As opcións a) e b) son correctas.
 - d) Ningunha das respostas é correcta.
- 2) ¿Que organismo emite a "Q" de calidade turística?
 - a) A Axencia de Turismo de Galicia.
 - b) Instituto de Turismo de España (Turespaña).
 - c) AENOR.
 - d) Todas son falsas.
- 3) É función do Consello de Turismo de Galicia:
 - a) Asesorar aos operadores turísticos.
 - b) Difundir o coñecemento dos recursos turísticos de Galicia.
 - c) Elaborar, anualmente, un informe sobre a situación turística de Galicia.
 - d) Son correctas a c) e a b).
- 4) A comarca do Barbanza limita:
 - a) Coas comarcas de Noia, Sar e Salnés.
 - b) Coas comarcas de Muros, Noia e Salnés.
 - c) Non limita coa comarca do Sar.
 - d) Limita coas comarcas de Noia, Sar e Caldas.
- 5) En que parroquia está situada a "Pedra da Sagrada"?
 - a) Noal.
 - b) Baroña.
 - c) Nebra.
 - d) Xuño.
- 6) ¿En que parroquia se celebra a romaría da Virxe da Balbanera?
 - a) Goiáns.
 - b) Miñortos.
 - c) Nebra.
 - d) Muro.

7) "Usar marcas ou denominacións de xeodestinos turísticos que non correspondan ou que incumpran as condicións regulamentarias establecidas" é considerada unha infracción por parte da Xunta de Galicia recollida na Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia, artigo 110.8. Que tipo de infracción é?

- a) Infracción leve
- b) Infracción grave
- c) Infracción moi grave
- d) Non é constituínte de infracción segundo o artigo 110.8.

8) Que figura de protección medio ambiental ten o tramo costeiro comprendido entre o castro de Baroña e cabo Corrubedo, e na cal tamén se inclúen as zonas arredor das lagoas de Carregal e Vixán e as augas mariñas ata o arquipélago de Sálvora?

- a) Zona de especial conservación (ZEC) Complexo húmido de Corrubedo
- b) Zona de especial protección das aves (ZEPA) Complexo litoral de Corrubedo
- c) Paisaxe protexida de Riveira e Porto do Son
- d) Espazo natural de interese local de Riveira e Porto do Son

9) Seguindo a liña de costa do concello de Porto do Son dende Riveira en dirección a Noia, cal é a orde na que se localizan as seguintes praias?

- a) Praia do Dique, praia de Arealonga, praia do río Sieira e praia de Queiruga.
- b) Praia de Arealonga, praia do río Sieira, praia de Queiruga, e praia do Dique.
- c) Praia de Queiruga, praia do río Sieira, praia do Dique e praia de Arealonga.
- d) Praia do río Sieira, praia de Queiruga, praia do Dique e praia de Arealonga.

10) Que petróglifo do concello de Porto do Son presenta a seguinte descrición: "Este petróglifo componse dun gran número de zoomorfos en manada e algúns illados, cun tamaño entre 18-45 cm. aproximadamente. Na parte inferior da pedra destaca un cérvido macho dotado dunha enorme cornamenta e un motivo circular, probablemente un sol, ademais de varias cazoletas e algunha liñas de difícil interpretación"?

- a) Petróglifos do monte da Gurita
- b) Petróglifos da Laxe da Sartaña
- c) Petróglifos do monte Dordo
- d) Petróglifos do monte Tahume

11) Que número de parroquias do concello de Porto do Son non teñen zona de costa?

- a) 0, todas as parroquias teñen zona de costa.
- b) 1 das parroquias non ten zona de costa.
- c) 2 das parroquias non teñen zona de costa.
- d) 3 das parroquias non teñen zona de costa.

12) O artigo 31 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia fai referencia a Galicia como marca turística. Cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) No exercicio das funcións de coordinación que lle corresponden e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local, a Administración da Xunta de Galicia poderá recomendar a inclusión do nome "Galicia", e dos logotipos e lemas que se establecen, nas campañas de promoción impulsadas polas entidades locais galegas, pero nunca poderá obrigar ao seu emprego.
- b) No exercicio das funcións de coordinación que lle corresponden e nos termos establecidos pola lexislación de réxime local, a Administración da Xunta de Galicia poderá declarar obrigatoria a inclusión do nome "Galicia", e dos logotipos e lemas que se establecen, nas campañas de promoción impulsadas polas entidades locais galegas.



- c) As entidades locais non poderán facer emprego en ningún caso da marca "Galicia", nin dos logotipos e lemas que establece a Administración da Xunta de Galicia, sendo sancionadas no caso de o facer segundo o establecido no artigo 107 desta lei.
- d) O artigo 31 da Lei 07/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia non fai referencia a Galicia como marcar turística. Este artigo actualiza a normativa existente sobre a disciplina turística.
- 13) Que festividade de gran devoción honra a capela localizada en Seráns o 11 de xullo?
- a) San Bieito
- b) San Pedro
- c) San Antonio
- d) Virxe dos Dores
- 14) Cales dos seguintes espazos foi galardoado co distintivo Bandeira Azul no ano 2017?
- a) Praia de Agueira
- b) Praia da Ornanda
- c) Real Club Náutico de Portosín
- d) Os recursos turísticos do concello de Porto do Son non obtiveron Bandeiras Azuis no ano 2017.
- 15) Cal dos seguintes miradoiros se localiza no concello de Porto do Son?
- a) Miradoiro de monte Facho
- b) Miradoiro da Atalaia
- c) Miradoiro de Boa
- d) Miradoiro de Laxe Brava
- 16) En que data se celebra a Festa Hortera de Porto do Son?
- a) Primeiro sábado de agosto
- b) Primeiro domingo de agosto
- c) Primeiro sábado e domingo de agosto
- d) No mes de agosto pero non ten un día/s concreto de celebración.
- 17) O artigo 5 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia enumera as competencias municipais en canto á materia turística de Galicia. Entre outras, cales das seguintes son competencias turísticas dos concellos galegos segundo este artigo?
- a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal.
- b) O desenvolvemento de infraestruturas turísticas no ámbito da súa competencia.
- c) Promover a declaración de municipio turístico e de festas de interese turístico.
- d) A, B e C son correctas.
- 18) ¿Cales dos seguintes son sendeiros do concello?
- a) R10 Ruta das Furnas
- b) PR-G10 Ruta das Furnas
- c) GR10 Ruta das Furnas
- d) PR10 Ruta das Furnas
- 19) O artigo 56 da Lei 7/2011, de 27 de outubro, do turismo de Galicia establece os tipos de aloxamento turístico no que se refire aos establecementos hoteleiros. Cal dos seguintes tipos de establecementos hoteleiros non aparece nomeado neste artigo?
- a) Grupo I: hoteis.
- b) Grupo II: pensións.

- c) Grupo III: hostais.
- d) A, B e C son incorrectas. Os hotéis, pensións e hostais aparecen nomeados no artigo 56 da dita lei.

20) ¿Cal das seguintes afirmacións sobre Porto do Son é/son correcta/s?

- a) A capela da Madalena está na parroquia de Ribasieira.
- b) A capela do Loreto está na parroquia de Noal.
- c) A e B son correctas.
- d) A e B son incorrectas.

PREGUNTAS DE RESERVA

1ª) Cales das seguintes son praias do concello de Porto do Son?

- a) Praia do Pozo
- b) Praia de Balieiros
- c) Praia do Río Sieira
- d) A e C son correctas

2ª) ¿Que río desemboca na Praia do Dique?

- a) Río Sandián.
- b) Río Porto Vello.
- c) Río Maior.
- d) Ningunha das anteriores é correcta.

3ª) ¿Que título da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia regula o Consello de Turismo de Galicia?

- a) Título I.
- a) Título II.
- b) Título III.
- c) Título IV.